

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,  
O 19 DE DECEMBRO DE 2013,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Decreto polo que se aproba o Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2014.

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Decreto polo que se regula a composición e o funcionamento do Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia.

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a diversas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde para o ano 2013.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se propón que o Parlamento de Galicia aprobe o III Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento 2014-2017.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e os concellos galegos do Camiño Francés para actuacións de limpeza e mantemento do Camiño Francés e de atención e información ao peregrino, parcialmente cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, por importe de trescentos setenta e tres mil cen euros (373.100 euros).

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E IDUSTRIA**



- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria, a Axencia Galega de Innovación, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, o Consello Superior de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de España e as cámaras de Comercio de Galicia, para o desenvolvemento dun novo programa para facilitar ás pemes a incorporación da cultura innovadora por importe de catro millóns setecentos oitenta e sete mil novecentos cincuenta e sete euros (4.787.957 euros).

### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de São Paulo para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade do Estado do Rio de Janeiro para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000 euros).

### **CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a adquirir compromisos de carácter plurianual ao abeiro do artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2014. Importe total: dez millóns douscentos mil euros (10.200.000 euros).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia durante os anos 2014 e 2015 de programas integrados para o emprego e para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual de

conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia por un total de cinco millóns catrocentos setenta e dous mil euros (5.472.000 euros).

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como para a exención da obriga de constituír garantías ao abeiro do artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio 2014. Importe total: vinte e seis millóns catrocentos catro mil novecentos tres euros (26.404.903 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun acordo de prórroga para o ano 2014 do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Traballo e Benestar, e a Deputación Provincial da Coruña, para a atención residencial de menores no Centro Emilio Romay, cun importe total de cento cincuenta e dous mil novecentos cincuenta e sete euros con vinte e sete céntimos (152.957,27 euros).

## INFORMES

### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre a adxudicación de axudas da convocatoria para proxectos de I+D ao abeiro da convocatoria Conecta Peme 2013.

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o Programa de vixilancia sanitaria das augas de baño de Galicia no ano 2013.



## O PROGRAMA ESTATÍSTICO 2014 AMPLÍA A SÚA OFERTA ESTATÍSTICA NAS ÁREAS DE DEMOGRAFÍA, CONXUNTURA ECONÓMICA E MUNDO LABORAL

- *O programa do vindeiro ano inclúe 174 actividades, quince máis que no 2013; e ten un orzamento de 1,5 millóns de euros*
- *Afonda na transparencia, o rigor, a obxectividade e a mellora do sistema estatístico de Galicia*
- *Entre as operacións novas máis importantes destacan as táboas de mortalidade ou as análises sobre condutas de risco e saúde laboral*
- *Continuarase executando e ampliando a difusión da enquisa de poboación activa e a enquisa estrutural a fogares*
- *Este é o terceiro programa anual do Plan 2012-2016, que consolida e amplía os logros do anterior e reforza a organización estatística*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto do Decreto do Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, que amplía a súa oferta estatística nas áreas de demografía, conxuntura económica, mundo laboral ou no sector empresarial.

O programa inclúe 174 actividades, 15 máis que no vixente ano, cun orzamento de 1,5 millóns de euros, un 8% máis que no 2013. Todas estas operacións permitiránlle ao Executivo galego continuar afondando na transparencia, o rigor e a obxectividade, ao mesmo tempo que mellorarán o sistema estatístico de Galicia.

Esta programación anual, a terceira do Plan galego de estatística (PGE) 2012-2016, ten entre os seus obxectivos avanzar na consolidación da organización estatística de Galicia e contribuír á creación dun verdadeiro sistema estatístico público en España.

Ademais, o programa do vindeiro ano amplía tamén a oferta estatística noutras áreas relevantes como son a saúde, a innovación, as novas tecnoloxías, o tráfico aeroportuario ou a cooperación internacional.

Neste contexto, prográmanse por primeira vez operacións como a táboa de mortalidade, o sistema de información sobre condutas de risco (SICRI), os indicadores do Plan de desenvolvemento rural, a enquisa de movemento aeroportuario, ou o índice de carga administrativa para as empresas. Tamén son novas as estatísticas sobre o marisqueo a pé, a conxuntura do investimento, os indicadores de innovación, Galicia na UE ou cooperación con terceiros países.

Seguiranse a executar as grandes enquisas dos programas anteriores, ampliando a difusión da enquisa de poboación activa (EPA) para ofrecer datos sobre salarios, accidentes laborais, saúde no traballo e mobilidade laboral e xeográfica. Ademais, a

enquisa estrutural a fogares (EEF) completará a súa difusión con datos sobre novas tecnoloxías e uso do galego.

O Instituto Galego de Estatística (IGE) elaborará tamén unha análise estatística da pesca co obxectivo de aproveitar a información dispoñible, incrementar o seu valor e ofrecer aos axentes sociais e económicos produtos que faciliten a súa toma de decisións. Séguese así na senda prevista no plan 2012-2016, que se iniciou coa cadea forestal no 2012 e a automoción no 2013.

O programa 2014 será executado polo IGE e as consellerías a través dos seus órganos estatísticos sectoriais. A designación destas unidades especializadas nos departamentos da Administración fai posible que todas as operacións recollidas neste programa dispoñan dun proxecto técnico de carácter público, o que contribúe decisivamente ao cumprimento dos principios de transparencia e de metodoloxía sólida recollidos no código de conduta para as estatísticas europeas.

#### **Plan galego de estatística 2012-2016**

O Programa estatístico 2014 inclúe as operacións e actividades estatísticas que darán cumprimento aos obxectivos do Plan galego de estatística 2012-2016; e que serán realizadas polo IGE, os órganos superiores da Xunta de Galicia e as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico, coordinadas mediante os órganos estatísticos sectoriais.

O Plan 2012-2016 supón un marco legal que consolidará e ampliará os logros dos anteriores. Ademais, coloca a Galicia entre o reducido número de autonomías dotadas dun sistema estatístico acorde cos códigos internacionais de boas prácticas, como son a independencia profesional, o mandato xurídico para a recollida de datos, o compromiso de calidade, a confidencialidade, a imparcialidade e a obxectividade.

Ademais, este plan potencia o uso estatístico da información administrativa, incrementa as esixencias de visibilidade e transparencia, reforza os mecanismos de avaliación e incorpora aos programas estatísticos a información que precisan os instrumentos de planificación.



## A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN CONSTITUIRÁ POR PRIMEIRA VEZ O CONSELLO DE COOPERACIÓN BIBLIOTECARIA DE GALICIA

### ▪ *Desta forma dáse cumprimento ao mandato da Lei de bibliotecas de Galicia*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao proxecto do Decreto polo que se regula a composición e o funcionamento do Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia, a través do cal a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o constituirá por primeira vez. Trátase, segundo define a Lei de bibliotecas de Galicia, do órgano colexiado consultivo da Administración autonómica nas materias relacionadas co Sistema galego de bibliotecas e para a articulación da cooperación entre as distintas administracións con competencias nesta materia.

Desta forma, Cultura e Educación dá cumprimento ao establecido na Lei de bibliotecas de Galicia no que atinxe a regular a composición e o funcionamento do Consello.

### **Composición e funcións**

Segundo o proxecto de decreto, o Consello está formado por dez vogais, un secretario ou secretaria e mais o presidente ou presidenta e vicepresidente ou vicepresidenta. Estes dous últimos cargos serán ocupados polas persoas que en cada momento sexan titulares da consellería competente en materia de bibliotecas e da súa secretaría xeral, respectivamente. Ademais, ás reunións poderán asistir expertos nos temas que se traten por invitación do/da presidente/a.

No que atinxe ás funcións, e de acordo coa Lei de bibliotecas de Galicia, o Consello actuará como órgano de información, consulta e asesoramento sobre as políticas bibliotecarias de Galicia e deberá propoñerlle ao órgano de dirección e coordinación do Sistema galego de bibliotecas (SGB) a adopción de medidas para o mellor cumprimento dos seus fins. Conforme a súa propia natureza, deberá potenciar e fomentar a cooperación e a participación no SGB, así como promover e articular a colaboración e coordinación na política bibliotecaria das diferentes institucións con competencias nesta materia.

Ademais, o Consello terá que informar sobre a integración das redes de bibliotecas no SGB, emitir informe preceptivo sobre os anteproxectos de lei e de disposicións regulamentarias referidas ás bibliotecas, así como sobre o mapa de bibliotecas públicas de Galicia.

O Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia reunirse como mínimo unha vez ao ano, en sesión ordinaria e, con carácter extraordinario, cando así o considere oportuno a persoa que ocupe a Presidencia ou a maioría dos seus membros. En calquera caso, poderá traballar en Pleno ou en Comisión Técnica.





## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA A OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO DE 165 PRAZAS PARA AS CATEGORÍAS DE MÉDICO DE FAMILIA DE ATENCIÓN PRIMARIA Y ENFERMERÍA**

- ***Esta é a cuarta oferta pública de emprego que se aproba para o colectivo médico desde o ano 2006***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se convoca a oferta de emprego público para o ano 2013, en que se determinan as necesidades de recursos humanos que deben proverse mediante a incorporación de persoal de novo ingreso e mediante promoción profesional, cunha oferta total de 165 prazas.

Así, ofértanse 165 prazas, das cales 40 corresponden á categoría de médico/a de familia de atención primaria e 125 á categoría de enfermeiro/a. As prazas ofertadas serán provistas polo sistema de concurso-oposición.

O 50% das que se convoquen en cada categoría reservaranse para a súa provisión polo sistema de promoción interna. Así mesmo, reservárase unha cota non inferior ao 5% do total das vacantes ofertadas para seren cubertas entre persoas con discapacidade.

Esta OPE é a cuarta que se convoca no Servizo Galego de Saúde desde o ano 2006. Esta oferta é continuación da anterior do ano 2012, onde de ofertaron 176 prazas para a cobertura de prazas de facultativo especialista de área e médico de urxencias hospitalarias, que se vai executar no primeiro trimestre do ano 2014.

O procedemento selectivo vai precedido do concurso de traslados co obxecto de coordinar o proceso co dereito á mobilidade voluntaria dos profesionais.

### **Obxectivos da OPE**

Coa aprobación desta oferta dáse cumprimento aos obxectivos da planificación do emprego da estabilización de profesionais sanitarios, á eficiencia das políticas de recursos humanos e á eficacia na súa distribución territorial, á atención aos ámbitos e sectores da actividade sanitaria con necesidades específicas de dotación permanente de efectivos e ao dimensionamento do volume de efectivos segundo as necesidades.

A nova oferta de emprego público avanza na mellora e modernización dos procesos de selección e provisión de prazas do Servizo Galego de Saúde coa incorporación dos medios electrónicos e telemáticos á tramitación dos procesos de selección fixa (*Fides/expedient-e*)

A incorporación de persoal fixo ás institucións sanitarias contribúe a acadar maiores niveis de eficacia, favorecendo a conformación de equipos estables de traballo, con



---

baixos niveis de rotación. Isto redunda nun maior grao de satisfacción dos/das usuarios/as e contribúe a unha xestión mais eficiente dos recursos públicos.





## O III PLAN DE COOPERACIÓN APOSTA POLA CONCENTRACIÓN XEOGRÁFICA E A ESPECIALIZACIÓN CO FIN DE GAÑAR EFICACIA NA AXUDA EXTERIOR

- *O Consello da Xunta acordou someter á aprobación do Parlamento o documento que rexerá a política de cooperación da Xunta para os vindeiros catro anos*
- *Este III Plan director incorpora un modelo de xestión orientado a resultados específicos en cada unha das liñas de actuación establecidas*
- *Establece nove países prioritarios que son Mozambique, Bolivia, Ecuador, Perú República Dominicana, Guatemala, Honduras, Nicaragua e El Salvador*
- *Define sete sectores de especialización: agricultura, pesca e acuicultura, educación, recursos hídricos, habitabilidade, auga e saneamento, saúde xeral e saúde reprodutiva*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se lle propón ao Parlamento de Galicia que aprrobe o III Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento 2014-2017. Este documento, que establece a planificación estratéxica da Xunta en materia de cooperación para os vindeiros catro anos, conta co informe favorable do Consello Galego de Cooperación (Congacode).

Como novidade respecto aos plans anteriores, este plan director incorpora un modelo de xestión baseado nos resultados, é dicir, orienta os seus esforzos cara á consecución de determinados resultados específicos en cada unha das liñas de actuación establecidas.

Cómpre destacar que este plan terá un carácter máis estratéxico, con axudas con maior valor engadido, maior calidade e maior eficacia. Trátase, en definitiva, de que as axudas acaden un maior alcance e impacto nos ámbitos onde se apliquen e sexan capaces de xerar cambios positivos e sustentables a longo prazo nas condicións de vida das persoas nas comunidades e países socios con que traballa a cooperación galega.

Outros aspectos novidosos son a concentración xeográfica e a especialización da axuda naqueles sectores en que Galicia conta con valor engadido ou vantaxes comparativas e sobre os cales dispón de experiencia acreditada.

A cooperación galega concentrará os seus recursos en nove países prioritarios, que son Mozambique, Bolivia, Ecuador, Perú, República Dominicana, Guatemala, Honduras, Nicaragua e El Salvador. Todos eles absorberán un mínimo de entre o 75 e o 80 por cento dos recursos destinados pola Xunta á cooperación exterior.

Canto aos sectores de especialización –que concentrarán entre o 80 e o 90 por cento da axuda- establécense sete áreas prioritarias que son agricultura e desenvolvemento rural, pesca e acuicultura, educación, xestión integral e gobernanza de recursos hídricos, habitabilidade básica e abastecemento de auga e saneamento, saúde xeral e programas sobre saúde sexual reprodutiva.



### **Canalización das axudas**

A dotación orzamentaria do plan para o vindeiro ano é de algo máis de catro millóns de euros, con que se busca reforzar a coherencia das políticas de cooperación en todos os niveis da Administración autonómica, garantir a previsibilidade dos recursos dispoñibles e mellorar os instrumentos polos que se canalizan as axudas.

Cómpre lembrar tamén que as convocatorias públicas de axudas para actividades de cooperación continuarán sendo a forma de canalización de fondos máis importante da cooperación galega nos vindeiros catro anos.

No que atinxe aos axentes galegos para a cooperación, o plan busca fortalecer a súa capacidade técnica e institucional para, deste xeito, lograr unha cooperación máis eficaz e de calidade; promover a diversificación das súas fontes de financiamento; establecer alianzas estratéxicas cos axentes galegos e recoñecer a complementariedade entre todos os actores de cooperación.

### **Educación e transparencia**

O documento tamén lle dedica unha epígrafe á necesidade de impulsar a transparencia informativa sobre as actividades de cooperación, onde se rendan contas á cidadanía dos logros colectivos na loita contra a pobreza global. Así mesmo, prevé a elaboración dunha estratexia galega de educación co fin de promover unha cidadanía galega participativa e comprometida co cambio social, a solidariedade e o desenvolvemento humano sustentable.

Por último, o III Plan director de cooperación prevé actualizar o actual marco normativo mediante a elaboración dunha nova Lei galega de cooperación ao desenvolvemento.



## TURISMO DE GALICIA E OS CONCELLOS DO CAMIÑO FRANCÉS ASINARÁN UN CONVENIO PARA REALIZAR TRABALLOS DE LIMPEZA E CONSERVACIÓN, ATENCIÓN E INFORMACIÓN CONTINUADA, ASÍ COMO ACTIVIDADES CULTURAS NA RUTA

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e os concellos galegos do Camiño Francés*
- *O acordo inclúe a realización de tarefas de limpeza e conservación do Camiño, adopción de medidas para evitar a súa deterioración así como a dotación de persoal nos meses de verán para prestar atención e información continuada*
- *Ademais incentivarase a realización de actuacións musicais nos concellos do Camiño Francés en Galicia*
- *No que vai de ano, a cifra de peregrinos que realizaron o Camiño Francés subiu máis dun 12% ao respecto dos rexistrados o ano pasado. Esta ruta é a escollida por máis do 70% dos peregrinos a Santiago de Compostela*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e os concellos galegos do Camiño Francés. O acordo definirá os termos de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e os concellos de Arzúa, Melide, Monterroso, Palas de Rei, Paradela, Pedrafita do Cebreiro, O Pino, Portomarín, Samos, Sarria e Triacastela.

En virtude do acordo, a Axencia Turismo de Galicia financiará os seguintes traballos para a conservación, preservación, promoción e difusión do Camiño de Santiago e da cultura xacobeá:

-Limpeza e conservación do Camiño Francés ao seu paso polos concellos que atravesará a ruta en Galicia, nos cales se realizarán traballos de limpeza e roza de maleza e a súa retirada. De igual modo, adoptaranse as medidas de protección e preservación necesarias para evitar a súa deterioración ou destrución.

-Atención e información continuada e específica de todo o Camiño Francés e do fito xacobeo aos peregrinos e peregrinas a través da contratación de persoal para os meses que van desde xuño a setembro, así como elaboración de material informativo e dispoñibilidade de información sobre a ruta na rede.

-Organización de actuacións musicais no Camiño de Santiago, de modo que se incentive e promova a distribución do produto musical galego. Estas actuacións serán dun mínimo de trinta minutos, dous días á semana, preferentemente os días de maior afluencia de peregrinos, durante o período que abrangue desde o día 1 de xuño ao 30 de setembro e sen cobramento de entrada.



### **Actuacións realizadas en 2013**

A Axencia Turismo de Galicia promoveu xa neste ano a distribución do produto musical galego nos concellos polos que discorre o Camiño Francés e que contan con albergues públicos da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo de máis de cen prazas. De modo que a través deste acordo, os ditos municipios contaron con actuacións musicais para amenizar as tardes estivais que se desenvolveron en lugares públicos e que foron de libre acceso.

De igual modo, municipios do Camiño Francés realizaron este ano contratacións específicas de persoal especialmente cualificado sobre a información relacionada co Camiño Francés e coas rutas xacobeas, así como co patrimonio asociado a elas e cos diferentes recursos. O obxectivo desta actuación foi que os peregrinos do Camiño Francés, así como os viaxeiros que así o demandaron, puidesen obter información puntual, precisa e especializada sobre os diferentes recursos relacionados coa ruta que percorreron e, ao tempo, que dispuxeran da posibilidade de obter información sobre os servizos e produtos turísticos do destino Galicia.

### **Un 12'4% máis de peregrinos no Camiño Francés en 2013**

No que vai de ano, chegaron a Santiago de Compostela un total de 215.336 peregrinos, o 50,97% deles son estranxeiros. Por todos os Camiños chegaron un 12,2% máis de peregrinos que no mesmo período de 2012, isto é, 23.441 peregrinos máis.

O Camiño Francés foi a ruta escollida polo 70,30% dos peregrinos que este ano selaron a súa Compostela na rúa do Vilar de Santiago de Compostela. En total, 151.309 peregrinos fixeron o Camiño Francés e isto implica unha suba do 12,4% a respecto dos que o fixeron o ano pasado.



## A XUNTA MOBILIZARÁ 5 MILLÓNS DE EUROS NO IMPULSO DA INNOVACIÓN DAS PEQUENAS EMPRESAS E O COMERCIO DE PROXIMIDADE

- *O Goberno galego, en colaboración co Consello Superior de Cámaras de Comercio, pon en marcha un novo programa que facilita ás pemes, especialmente ás vinculadas ao comercio e ao téxtil, a incorporación da cultura innovadora*
- *Realizaranse diagnósticos personalizados nas pemes beneficiarias que permitirán activar procesos innovadores adaptados ás súas necesidades e características*
- *As Cámaras de Comercio galegas serán os organismos executores e favorecerán o contacto directo coas empresas e o pequeno comercio de cara á implantación de novas tecnoloxías para incrementar as vendas*

A Xunta, na súa estratexia de impulso á innovación no tecido empresarial galego como ferramenta de crecemento e competitividade, pon en marcha un novo programa a través do cal se mobilizarán preto de 5 millóns de euros no impulso da cultura innovadora nas pemes galegas e no comercio de proximidade, garantindo, deste xeito, que a inclúan de modo sistemático na súa actividade habitual.

O programa está orientado ás demandas específicas das empresas destinatarias, priorizándose o sector comercial e o téxtil. Neste sentido, a metodoloxía recolle un diagnóstico inicial personalizado, o posterior apoio no proceso innovador adaptado ás necesidades e características da empresa beneficiaria e a ulterior difusión de coñecemento para favorecer a extensión das mellores prácticas e o establecemento de redes empresariais.

A iniciativa contará coas cámaras de Comercio galegas como organismos executores, en colaboración co Goberno galego, favorecendo o contacto directo coas pequenas e medianas empresas e, de modo especial, co pequeno comercio. Promóvese así a implantación de medidas innovadoras e a aposta polas novas tecnoloxías co obxectivo de incrementar as vendas e de acadar unha maior presenza na rede.

Para o desenvolvemento deste programa, cuxa execución se estende en Galicia ata o ano 2015, a Consellería de Economía e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación, asinará nos vindeiros días un convenio de colaboración en que participarán a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), o Consello Superior de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación e as propias cámaras de Comercio galegas.

O compromiso investidor da Xunta no desenvolvemento do programa, achegando o 20% do total de fondos destinados, complementa a ampla variedade de actuacións promovidas desde a Consellería de Economía e Industria para fomentar a cultura da innovación entre as pemes galegas.



---

Neste sentido, só no último ano, o programa Innoempresa está a mobilizar case 6 millóns no desenvolvemento de 146 proxectos que incrementarán as capacidades innovadoras e tecnolóxicas das pemes galegas. Iniciativa a que cabe sumarlle outro tipo de actuacións como os bonos de innovación, que facilitan ao tecido empresarial o acceso ao financiamento de programas nacionais e europeos; ou os programas Ininterconecta e Conecta-Pemes, que mobilizan en Galicia 240 millóns de euros.





## CULTURA E EDUCACIÓN RENOVA A COLABORACIÓN COAS UNIVERSIDADES DE SÃO PAULO E DO ESTADO DO RIO DE JANEIRO PARA A PROXECCIÓN EXTERIOR DA LINGUA, LITERATURA E CULTURA GALEGAS NO EIDO DA LUSOFONÍA

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura destes acordos, despois de ter aprobado no mes de xullo os referidos a outras doce universidades de fóra de Galicia*
- *Os lectorados brasileiros incrementaron un 40% a matrícula, o que indica un cada vez maior interese polo coñecemento da lingua e literatura propias de Galicia*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á renovación dos convenios coas universidades de São Paulo e do Estado do Río de Janeiro, a través dos que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria favorece a proxección exterior da lingua, literatura e cultura galegas, neste caso no eido da lusofonía. Cómpre lembrar que xa o pasado mes de xullo se aprobou a renovación dos acordos para este mesmo fin con outras doce universidades de fóra de Galicia, en concreto coas de Deusto, Alacante, Complutense de Madrid, Salamanca, País Vasco, Autónoma de Barcelona, Zádár (Croacia), Cork (Irlanda), Sorbone Nouvelle-París 3 (Francia) e mais Leipzig, Kiel e Freie de Berlín (Alemaña).

Desta forma, e sumando os dous aprobados hoxe á ducia de acordos xa renovados este verán, a contía destinada pola Consellería para a promoción exterior da nosa lingua e cultura propias ata finais de 2016 ascende a 617.572 euros. A colaboración desenvólvese con universidades de prestixio que amosen interese en incluír nos plans de estudo do ensino superior a formación en lingua galega. Neste sentido cómpre lembrar que a proxección do galego fóra das nosas fronteiras é un dos obxectivos marcados no Plan xeral de normalización da lingua galega.

As universidades de São Paulo e do Estado do Río de Janeiro constitúen importantes focos de promoción do galego pola súa entidade nun país estratéxico. Brasil enmárcase dentro dos Estados de fala portuguesa con moita relación cultural con Galicia e que ademais é unha das economías emerxentes do mundo enteiro, cunha gran proxección internacional.

Ao abeiro dos convenios aprobados, as universidades que en 2014 verán o estudantado de galego incrementado nun 40% ata chegar aos 125 alumnos/as, comprométense a organizar actividades relacionadas coa investigación, a promoción e a difusión da lingua, da literatura e da cultura galegas, tanto no ámbito universitario como na súa área de influencia, mantendo ademais estas ensinanzas nos seus plans de estudos. A achega do convenio ha cubrir tamén a contratación dun profesor ou profesora lector para desenvolver as actividades e conseguir os obxectivos formulados,





---

así como a adquisición do material bibliográfico, fonográfico, videográfico, informático e infraestrutural necesario.

### **Difusión exterior da lingua e da cultura galegas**

A aposta que a Xunta de Galicia realiza en universidades de fóra da nosa comunidade autónoma fai posible o desenvolvemento dun amplo e variado programa de actividades culturais de todo tipo, que facilitan a proxección internacional e o coñecemento da cultura galega entre o estudantado universitario e a cidadanía en xeral. Na actualidade, o galego é obxecto de estudo en trinta e sete universidades de Europa e de América, cuxos centros de estudos galegos integran a Rede de Centros de Estudos Galegos da Xunta de Galicia. A maioría deles (concretamente, vinte e nove) contan con lectorado de lingua, literatura e cultura galegas.

A posibilidade de estudar a lingua e a cultura de Galicia en universidades españolas e estranxeiras é unha realidade consolidada que leva contribuído de maneira fundamental á difusión exterior do galego, á investigación lingüística desde perspectivas moi diversas e tamén ao prestixio da lingua entre os seus propios falantes.



## TRABALLO INVISTE 50,4 MILLÓNS DE EUROS EN DISTINTAS ACCIÓNS DE MELLORA DA EMPREGABILIDADE DE MÁIS DE 15.500 PERSOAS EN PARO

- *O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe a diversas actuacións en materia de formación, orientación, programas integrais e obradoiros de emprego*
- *Trátase só dunha parte de todo o investimento que realizará o Goberno galego no eido laboral ao longo do ano, xa que a estas iniciativas sumaranse outras medidas destinadas á mocidade, á cooperación cos concellos ou cos autónomos, entre outras*
- *Todas estes proxectos farán especial fincapé nos desempregados con especiais dificultades de inserción*
- *A formación priorizará os sectores máis innovadores, como a internacionalización, o emprendemento, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico*
- *O Goberno galego continúa apostando por accións que permitan conseguir un certificado de profesionalidade, de validez estatal*
- *Os programas integrais primarán os proxectos de xestión compartida e tamén incluírán criterios de puntuación para aqueles que se desenvolvan nas provincias de Lugo e Ourense, de acordo co Plan Impulsa*

A Consellería de Traballo e Benestar investirá uns 50,4 millóns de euros en mellorar a empregabilidade de máis de 15.500 persoas en paro a través de diversas iniciativas en materia de formación, orientación e busca de emprego, programas transversais e obradoiros de emprego. Todas elas farán especial fincapé naqueles colectivos con especiais dificultades de inserción, como persoas con discapacidade, en risco de exclusión, ou mulleres vítimas de violencia de xénero.

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe a un total de catro liñas de actuación distintas que constitúen só unha parte de todo o investimento que realizará o Goberno galego en materia laboral ao longo de 2014. Cabe lembrar que a estas iniciativas se sumarán outras destinadas á mocidade, á cooperación cos concellos ou cos autónomos, entre outras.

No que se refire ao eixe da formación, continuarase apostando por adecuar todos os cursos ás demandas do mercado laboral actual. Ademais, seguirase vinculando case o 100 por cento das accións á obtención de certificados de profesionalidade, dando así cumprimento a un dos acordos do diálogo social.

Os cursos poderán ser solicitados por aqueles centros ou entidades debidamente acreditados e a previsión é que se poidan beneficiar deles máis de 9.500 alumnos.

Este ano, como principal novidade, estableceranse –de acordo coa normativa estatal– novas áreas prioritarias na impartición de cursos. Deste xeito, priorizaranse en toda Galicia as accións formativas relacionadas cos sectores máis innovadores, en concreto,



aquelas que se centren na internacionalización, o emprendemento, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.

Como en anos anteriores, o alumnado que participe nestes cursos terá dereito a obter axudas en concepto de transporte, manutención e aloxamento. Os beneficiarios que teñan algún tipo de discapacidade ou que realicen un curso que forma parte do seu itinerario personalizado de inserción poderán acceder tamén a axudas por asistencia.

As axudas en materia de información, orientación e busca de emprego centraranse no financiamento da contratación de técnicos que se encargarán de realizar este asesoramento. A contratación poderá ser realizada tanto por entidades locais como por aquelas sen ánimo de lucro e será por un período máximo de 12 meses. Grazas a esta convocatoria, facilitarase a contratación de 231 persoas, que poderán prestar asesoramento a máis de 80.000 persoas.

Ademais, o Goberno galego continuará apostando especialmente por programas integrados de emprego: actuacións transversais que combinan información, orientación, asesoramento ou formación. Todas estas iniciativas teñen un obxectivo de inserción mínima do 35 por cento dos participantes, que se prevén que sexan 4.500 este ano. As axudas poderán ser solicitadas por entidades locais ou sen ánimo de lucro.

Cabe destacar que, por primeira vez, esta convocatoria incorporará criterios de puntuación específica para primar os proxectos de xestión compartida e tamén para aqueles que se desenvolvan nas provincias de Lugo e Ourense, de acordo co Plan Impulsa.

Xa por último, o Consello da Xunta autorizou tamén as axudas en materia de obradoiros de emprego. Estes programas mixtos combinan a formación co desenvolvemento dun traballo e teñen unha duración de 6 meses. Os obradoiros poderán ser solicitados por entidades locais, por aqueles organismos que teñan competencias na promoción do emprego ou por consorcios. A previsión é que o próximo ano beneficien a 1.300 persoas.



## **BENESTAR DESTINA MÁIS DE 150.000 EUROS PARA MANTER O CONCERTO DE 25 PRAZAS PARA MENORES DE 0-6 ANOS NO FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY**

- *Na actualidade existen en Galicia tres instalacións dedicadas á atención específica de menores de 6 anos, que ofertan un total de 52 prazas públicas*
- *En total existen 1.188 prazas públicas en centros de protección para menores en toda a Comunidade*
- *Cómpre salientar que desde a Xunta se prioriza a reintegración dos menores nos seus fogares ou o acollemento familiar, aínda que tamén resulta imprescindible contar con centros públicos para os casos en que sexa necesario*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á sinatura dun acordo de prórroga para o ano 2014 do convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Deputación Provincial da Coruña para o concerto de prazas públicas no Fogar Infantil Emilio Romay destinado á atención de menores de 6 anos en situación de desprotección. A Xunta investirá 150.000 euros para continuar co concerto de 25 prazas.

Na actualidade existen en Galicia tres instalacións dedicadas á atención específica de menores de 6 anos, que ofertan un total de 52 prazas públicas, tanto residenciais como de día. Ao fogar infantil Emilio Romay únense os centros de Ourense e Lugo. Todos eles contan con persoal especializado e con todos os recursos necesarios para ofrecer unha atención de calidade e personalizada. Do total dos menores tutelados de ata seis anos, un 25% reside en centros, fronte ao 75% que está ao coidado dunha familia.

Cómpre salientar que desde a Xunta se prioriza a reintegración dos menores nos seus fogares ou o acollemento familiar, aínda que tamén resulta imprescindible contar con centros públicos como o Emilio Romay para aqueles casos en que as circunstancias persoais ou familiares do menor desaconsellan puntualmente a integración familiar.

### **Ferramentas para a integración**

Para favorecer a reintegración ou o acollemento familiar, a Consellería de Traballo e Benestar conta con diversos programas e coa Lei de apoio á familia e á convivencia de Galicia, que impulsa explicitamente o acollemento.

Entre outras ferramentas, destaca o programa de acollemento familiar que se leva a cabo en colaboración con Cruz Vermella. Esta medida oferta un servizo de atención temporal a menores en situación de desamparo e permítelles vivir nunha familia, evitando o internamento nun centro. O departamento autonómico blindará nos orzamentos de 2014 o financiamento para esta actuación con 300.000 euros que benefician anualmente arredor de 230 menores.



## O CONECTA PEMES MOBILIZA 25 MILLÓNS DE EUROS EN 30 PROXECTOS INNOVADORES NOS CALES PARTICIPAN MÁIS DUN CENTO DE PEMES GALEGAS

- *O programa, dotado con 14 millóns, incentiva a innovación aberta mediante o cofinanciamento de proxectos de colaboración que contan con entre 3 e 6 empresas e nos cales participan un total de 17 centros tecnolóxicos*
- *Os apoios oscilan entre 600.000 euros e 1,5 millóns e promoven iniciativas que presentan unha innovación disruptiva e priman a transferencia de resultados ás empresas*
- *As actuacións céntrase en áreas estratéxicas nas cales Galicia posúe contrastada potencialidade, como é o caso da alimentación, agricultura e pesca; as TIC, as nanotecnoloxías ou a enerxía e o ambiente*
- *O Conecta Pemes complementa o programa Feder-Innterconecta, abrindo un marco de oportunidades para proxectos dunha contía menor*

A Xunta de Galicia está a desenvolver unha estratexia integral de innovación que, coa participación de todos os axentes do sistema galego de I+D+i, persegue actuacións prácticas que redunden nun incremento da competitividade do tecido empresarial galego. Neste contexto, a Axencia Galega de Innovación activou este ano o Conecta Pemes, un novidoso programa que mobilizará 25 de millóns de euros en 30 proxectos innovadores nos cales participan 104 pequenas e medianas empresas galegas.

Deste xeito, a liña, de cuxa resolución se informou hoxe ao Consello da Xunta, incentiva a innovación para a mellora competitiva das pemes, fomenta o desenvolvemento de proxectos de colaboración entre un mínimo de 3 e un máximo de 6 empresas e a participación de, polo menos, un centro tecnolóxico ou de investigación.

Foméntase así unha innovación aberta á investigación e á transferencia dos seus resultados ao tecido empresarial, incrementando a competitividade das empresas galegas. Para isto, os proxectos apoiados supoñen unha innovación disruptiva e, sobre todo, presentan unha importante capacidade para xerar rendibilidade no mercado e, en consecuencia, contribuír ao crecemento económico de Galicia.

A contía dos proxectos apoiados oscila entre 600.000 euros e 1,5 millóns, o que permite cubrir o tramo inmediatamente anterior ao mínimo esixido polo Innterconecta. Deste xeito, o Conecta Pemes configúrase como a vía idónea para o acceso á innovación de sectores cunha maior presenza de pequenas e medianas empresas. Neste sentido, unha parte moi importante das actuacións postas en marcha céntranse en áreas estratéxicas nas que Galicia posúe contrastada potencialidade como é o caso da alimentación, agricultura e pesca (9), as TIC (8), as nanotecnoloxías e tecnoloxías da produción (5) ou a enerxía e o ambiente (3).

---

Cómpre salientar que o 20% das empresas apoiadas son pequenas, incrementando neste caso a contía da subvención ata o 60% fronte ao 50% que reciben o resto de beneficiados. Así mesmo, e coa finalidade de garantir a adecuada presenza dos centros tecnolóxicos e de investigación, o programa destina 4 millóns de euros a súa contratación. En total, participan no desenvolvemento dos distintos proxectos 17 centros de coñecemento da Comunidade, garantindo a transferencia de coñecemento aplicado desde estes organismos.

O Conecta Pemes configúrase como unha ponte entre a innovación galega e as pequenas e medianas empresas e complementa o Programa Innterconecta. Entre ambas as actuacións, Galicia está a mobilizar 240 millóns de euros en proxectos innovadores que contribúen á mellora competitiva do tecido empresarial ao sumar, ambos os programas, máis de 500 empresas beneficiadas.





## O 86% DA AUGA DAS ZONAS DE BAÑO EN GALICIA OBTIVO UNHA CLASIFICACIÓN SANITARIA EXCELENTE OU BOA DURANTE 2013

- *A vixilancia e control sanitario tivo lugar no 100% das zonas de baño censadas e o cumprimento do programa foi adecuado cun índice de produción de mostraxes do 99,9%*
- *Sanidade fomentará a aplicación das medidas necesarias para que, a finais do ano 2015, todas as augas de baño sexan de calidade ao menos suficiente*

A conselleira de Sanidade, Rocío Mosquera Álvarez, presentou ao Consello da Xunta os resultados do Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño, dependente da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública. Dos 514 puntos de mostraxe das zonas de baño incluídas no censo oficial, o 71,4% obtivo unha clasificación sanitaria excelente, o 14,6% destes obtiveron unha clasificación boa, o 7,6% unha clasificación suficiente e o 6,4% unha clasificación insuficiente.

Rocío Mosquera salientou que este ano se observou “unha lixeira mellora na calidade das augas respecto á tempada 2012” e tamén destacou que, seguindo a lexislación vixente, o seu departamento continuará fomentando que se apliquen todas as medidas necesarias para que, a finais do ano 2015, todas as augas de baño sexan de calidade, ao menos, suficiente.

No censo oficial da tempada 2013 figuraron un total de 494 zonas de baño con 514 puntos de mostraxe que se atopan en 116 concellos da Comunidade Autónoma galega.

A vixilancia e o control sanitario tiveron lugar no 100% das zonas de baño censadas. O programa cumpriuse satisfactoriamente xa que se obtivo un índice de produción de mostraxes do 99,9% e, no caso de se detectaren episodios de contaminación, un grao de comunicacións aos concellos do 100%.

### Programa autonómico

A Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública executa o Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño que, con carácter autonómico, funciona en Galicia desde mediados da década dos oitenta.

En primeiro lugar, elabórase un censo oficial de zonas de baño para cada tempada. A tempada de baño establécese, con carácter xeral, desde o 1 de xuño ata o 30 de setembro do 2013. A vixilancia sanitaria das zonas de baño establécese mediante a mostraxe periódica da auga das zonas de baño incluídas no censo. Recóllense en total 10 mostras de cada zona de baño, unha antes do inicio da tempada e as nove restantes ao longo desta cunha periodicidade aproximadamente quincenal.





Nas mostras de auga analízanse os parámetros microbiolóxicos de enterococos intestinais e de *Escherichia coli*. Os datos de cada mostraxe foron publicados periodicamente na páxina web da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública. Ao final da tempada, cos resultados obtidos calculouse a clasificación sanitaria de cada zona de baño mediante o sistema reflectido na Directiva 2006/7/CE.

### **Clasificación das augas segundo a norma europea**

Segundo a lexislación vixente, as autoridades competentes aplicarán as medidas necesarias para que, a finais do ano 2015, todas as augas de baño sexan de calidade, ao menos, suficiente. Por iso, fomentárase que os concellos aborden as accións de mellora necesarias co fin de acadar o dito obxectivo e manterase o programa de vixilancia para os vindeiros anos.

As augas poden clasificarse temporalmente como de calidade insuficiente e, pese a iso, estar de conformidade coa lexislación. Neste caso a autoridade competente velará para que se adopten medidas de xestión adecuadas que incluírán a prohibición do baño ou a recomendación de absterse deste para evitar a exposición dos bañistas á contaminación, a determinación das causas e motivos polos que non se acada clasificación suficiente e a prevención, a redución ou a eliminación destas causas, ademais da comunicación á poboación desta información. A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, indica no seu artigo 80 que a Administración local é a competente no control sanitario do medio natural.

Este programa permite a prevención e control do risco de exposición dos usuarios a axentes causantes de enfermidades de orixe hídrica, garantindo deste xeito o dereito á protección da saúde dos consumidores e o cumprimento da Directiva 2006/7/CE.

